



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/31	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	3 de xullo de 2017
Duración	Desde as 20:00 ata as 20:37 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
53171075C	EVA RODRIGUEZ CALVAR	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 4210/2017. Informe Policía (estacionamento)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Nº REX. POLICÍA: 883/17

ASUNTO: PUNTO DE ESTACIONAMENTO VACIADO E ABASTECIMENTO DE AUTOCARABANAS NO ESTACIONAMENTO DE ALTAMIRA

Ante os cambios que se están realizando no referente ao estacionamento e abastecemento de auto-caravanas, onde se prohíbe estacionar na franxa de costa desde a Garita de Rodeira ata o estacionamento da praia de Rodeira e o abastecemento que realizan no pavillón do Gatañal.

Este departamento suxire o estacionamento na marxe esquerda do estacionamento de Altamira e o abastecemento dos servizos na entrada norte do mesmo estacionamento.

Con estas medidas o que pretendemos é centralizar os servizos das auto-caravanas no estacionamento de Altamira, evitando así os prexuízos que causan nas zonas de costa.

Expediente 4246/2017. Informe Policía (sinalización)

Desfavorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Nº REX. POLICÍA: 906/17

ASUNTO: SINAL VERTICAL DE PROHIBIDO ESTACIONAR EN ALDEA DE ARRIBA, Nº 22

Recibido o pedimento de J. M. R. M., residente na Aldea de Arriba, nº 22-A-Coiro, solicitando un sinal vertical que prohiba aparcar enriba da beirarrúa, infórmase que non procede a sinalización xa que a propia norma prohíbe estacionar enriba das beirarrúas sen necesidade de sinal.

Expediente 3207/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3.207/17.- Outorgar licenza de obras a T.H. N. e R. C.R., con enderezo en Camiño das Barreiras, nº 15-Darbo, para no referido lugar construír unha piscina de 36,00

Concello de Cangas



m2., de conformidade co proxecto elaborado pola arquitecta G. H. N., visado en data 9 maio de 2017. O presuposto de execución material ascende a seis mil (6.000,00 €).

Expediente 1961/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1.961/17.- Conceder a A. M. D., con enderezo en Estrada de Bueu, nº 144-Aldán, licenza de obras para no referido lugar, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11 SNUN, ampliación de vivenda en planta baixa de 31,50 m2., para dedicala a perruquería, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto José Luis Domínguez González, visado en data 27 de marzo de 2017. O presuposto de execución material ascende a vinte mil cincocentos sesenta e seis euros con dous céntimos (20.566,02 €).

Finalizadas as obras deberá presentar certificado final de obra e comunicación de inicio de actividade.

Expediente 4222/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4222/2017.- A GAS GALICIA SDG SA, con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204 PB-Vigo, para na Praza do Arco, nº 4-Cangas, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha acometida de 2,00 metros, de conformidade coa documentacion presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose empraizar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da via pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia SDG SA, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un



Concello de Cangas

carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 2604/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 2604/2017.- A A. G. P., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Redondela, nº 17-3º esquerda-36209-Vigo, para en solo de núcleo rural regulado pola ordenanza 12, conceder licenza para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Cunchido de Arriba- Camiño do Carrizo-Darbo, de conformidade co proxecto básico e de execución elaborado pola arquitecta Inmaculada Garcés Navarro, visado en data 12.04.2017. O presuposto de execución material da obra ascende a setenta e cinco mil euros (75.000 €).

Acéptase o aval depositado en Abanca por importe de dous mil trinta e un euros con dezasete céntimos (2.031,17 €) para respostar dos gastos de urbanización.

Acéptase a cesión de 77,20 m2., para ampliación do vieiro municipal formalizada en escritura pública de data 6 de febreiro de 2012, perante a notaria Ana Teresa Canoa Pérez, co nº do seu protocolo 73.

Expediente 3037/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3.037/17.- Outorgar a A. L. M. e M. I. G. L., con enderezo en Estrada de Aldán, nº 21-5ºC-Aldán, licenza de obras para en estrada de Erbello á Madalena, nº 26-Darbo, en solo de núcleo rural regulado pola ordenanza 11 SNUN, a construción dunha vivenda de 110,66 m2., de planta baixa e 16,62 m2., de terrazas ou escaleiras, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto Miguel Montes Vera, visado en data 5 de maio de 2017. O presuposto de execución material ascende a oitenta e nove mil cento dezaseis euros con vinte e seis céntimos (89.116,26 €).

Aceptaselle cesión gratuita de terreo de 64,94 m2., para ampliación do vieiro municipal formalizada en escritura pública o 27 de xuño de 2017 e a fianza depositada en Abanca por importe de mil seiscientos sesenta e seis euros con dezasete céntimos (1.666,17 €) para responder polas obras de urbanización.

Expediente 3011/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Concello de Cangas



Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3011/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "ESPORT STREET, SL", con enderezo a efectos de notificacións en Estrada de Fuencarral, Campus Tribeca, Edif. 9 L18, nº 44-Alcobendas, para acondicionamento de local para venda de artigos de deporte sito en rúa Eduardo Vicenti, nº 4-baixo-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil vinte e tres euros con seis céntimos (3.023,06 €). Rematadas as obras deberá presentar comunicación previa de inicio de actividade.

Expediente 1051/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1051/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. L. G., con enderezo a efectos de notificacións nos Valos, nº 102A- 36816-Redondela, para construción de cerramento no lugar de Vilanova, nº 129-O Hío, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a mil douscentos quince euros (1.215,00 €).

Expediente 3288/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3.288/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. C. S, para obras consistentes en aislamento acústico, revestimentos e falso teito de local sito na Avda. de Vigo, nº 136-Cangas, de conformidade coa documentación. O presuposto de execución das obras ascende a mil oitocentos vinte e sete euros con cincuenta céntimos (1.827,50 €).

Expediente 3298/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3.298/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por E. P. C., para substitución de cuberta en edificación adxectiva sita no lugar de Nerga, nº 32-O Hío, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico José Ponce Yañez, de maio de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a mil setecentos cincuenta euros con quince céntimos (1.750,15 €).

Expediente 2997/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento



EXPEDIENTE Nº 2.997/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS FREIXO, para a realización de obras de conservación e mantemento de acabados de fachadas e pintado do edificio sito no lugar do Freixo, nº 19-Coiro, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico Raul Rey Fandiño, de maio de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a trinta e sete mil cento vinte e un euros con oitenta céntimos (37.121,80 €).

Expediente 3294/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3.294/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. A. L. G., para impermeabilización e drenaxe do muro da fachada do garaxe de edificación sita nas Pontes, nº 47-Darbo, referencia catastral, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a catro mil douscentos noventa e dous euros (4.292,00 €).

Expediente 3284/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3.284/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por F. P. L., para reparación de cuberta en vivenda sita no lugar de rúa das Canles, nº 10-O Hío, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico S. G. F., de maio de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil douscentos cincuenta e sete euros con corenta céntimos (3.257,40 €).

Expediente 2998/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2.998/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por "EXCAVACIONES MORRAZO SL", para a realización dun cerramento de 29,80 ml., no lugar do Outeiro-Coiro, de conformidade ca documentación presentada e condicións impostas pola Deputación Provincial de data 22 de marzo de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a setecentos oitenta e tres euros con setenta e catro céntimos (783,74 €).

Expediente 3557/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento



EXPEDIENTE Nº 3557/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por F. S. S., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Fonte do Galo, nº 16A-Cangas, para cambio de tella nunha parte da cuberta de vivenda sita en rúa Lirio, nº 8-Cangas de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a cen euros (100,00 €).

Expediente 3332/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3332/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por C. L. R. G. Z., con enderezo a efectos de notificacións en lugar de Bouza Vella, nº 7-A Laxe-Nerga do Hío, para colocación de tella e ampliación de porta de garaxe de edificación adxetiva existente no lugar de Bouza Vella, nº 7-A Laxe-Nerga, de conformidade coa documentación incorporada ó expediente. O presuposto de execución das obras ascende a mil catrocentos cincuenta e seis euros con oito céntimos (1.456,08 €).

Expediente 3118/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3118/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por E. S. M., con enderezo a efectos de notificacións en Santa Marta, nº 45-Darbo, para reparación de cuberta e pintado de fachadas de vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a nove mil setecentos oitenta e cinco euros con sesenta e tres céntimos (9.785,63 €).

Expediente 2357/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2.357/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. L. C. V., para conservación e mantemento de cerramento, substituír malla metálica e colocación dun portal, no lugar de Miranda, nº 1-Coiro, de conformidade coa documentación presentada, o presuposto de execución das obras ascende a dous mil novecentos vinte euros (2.920,00 €).

Expediente 2492/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2492/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. S. G. e M. B. P., con enderezo a efectos de notificacións en Baixada Area das Patas, nº 72-Nerga-O



Concello de Cangas

Híño, respectivamente, para acondicionamento de local sito na Rúa Andalucía, nº 8-baixo-local 1-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a trinta e tres mil trescentos tres euros con setenta e oito céntimos (33.303,78 €).

Expediente 4005/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución de aval por importe de dezasete mil oitocentos cincuenta e tres euros con corenta e dous céntimos (17.853,42 €), depositado pola empresa "R, Cable y Telecomunicaciones, SA", no expediente nº 24.513, licenza de obras nº 23.520.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 4063/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza por importe de catrocentos trinta e sete euros con cincuenta e nove céntimos (437,59 €) depositado pola empresa "R, Cable y Telecomunicaciones, SA", no expediente nº 25.795, licenza de obras nº 24.707.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 4061/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza por importe de trescentos euros (300,00 €), depositado pola empresa "R, Cable y Telecomunicaciones, SA", no expediente nº 25.580, licenza de obras nº 24.524.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 4049/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución de aval por importe de dez mil oitocentos setenta e catro euros con trinta céntimos (10.874,30 €), depositado pola empresa "R, Cable y Telecomunicaciones, SA", no expediente nº 24.273, licenza de obras nº 23.289.

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 4024/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución de aval por importe de dezaoit mil trescentos dez euros con trinta e seis céntimos (18.310,36 €), depositado pola empresa "R, Cable y Telecomunicaciones, SA", no expediente nº 24.431, licenza de obras nº 23.486.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 4060/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución de aval por importe de corenta e tres mil catrocentos cincuenta e dous euros con trinta céntimos (43.452,30 €), depositado pola empresa "R, Cable y Telecomunicaciones, SA", no expediente nº 23.771, licenza de obras nº 22.873.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Expediente 3529/2017. Proposta de rotación postos Praza de Abastos

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local de data 28 de xuño de 2017, relativa á solicitude de autorización de intercambio de postos de venda de peixe no edificio principal do mercado municipal de abastos, que conta cos seguintes antecedentes e consideracións xurídicas:

"ANTECEDENTES:

1º.- Por escrito de rexistro de entrada nº 5838 de 23.05.2017, M. B. G., adxudicataria do posto de peixe nº 28 na Praza de Abastos Municipal de Cangas, solicita o traslado ó posto baleiro nº 29 do edificio principal da Praza de Abastos, por motivos de saúde laboral.

O posto nº 29 non ten actividade, sendo de titularidade municipal na actualidade, polo que a solicitante podería pasar a ocupar o posto 29 de ser aprobada a súa solicitude, quedando baleiro e sen actividade o posto nº 28.

2º.- Por escrito de rexistro de entrada nº 6100 de 29.05.2017, R. R. G., adxudicataria dos postos de peixe nº 26-27 na Praza de Abastos Municipal de Cangas, solicita o traslado do

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



posto 26 ao posto 28, do edificio principal da Praza de Abastos, porque sendo titular de dous postos contiguos, está a desenvolver a súa actividade cunha columna no medio, que dificulta o traballo diario.

De aprobarse o 1º punto destes antecedentes, o posto nº 28 estaría baleiro polo que a solicitante podería pasar a ocupar os postos 27-28 de ser aprobada a súa solicitude, quedando baleiro e a disposición do Concello o posto nº 26.

3º.- Visto o anterior e estudiada a viabilidade das solicitudes formuladas, o Concello deu trámite de audiencia ao resto de concesionarios/concesionarias para que no prazo de dez días manifestasen o que ao seu dereito conveña.

4º.- No prazo outorgado para tal efecto, fixéronse tres alegacións:

4.1 – Por escrito de rexistro de entrada nº 6866 de 13.06.2017, A. M. G. M., adxudicataria do posto de peixe nº 24 na Praza de Abastos Municipal de Cangas, solicita o traslado do posto 24 ao posto 26, do edificio principal da Praza de Abastos, porque a titular do posto nº 25 é familia directa, polo que se facilitaría a actividade no traballo diario.

De aprobarse o 1º e 2º punto destes antecedentes, o posto nº 26 sería de titularidade municipal, polo que a solicitante podería pasar a ocupar o posto 26, quedando baleiro e a disposición do Concello o posto nº 24.

4.2 – Por escrito de rexistro de entrada nº 7064 de 15.06.2017, M. P. B., adxudicataria do posto de peixe nº 30 na Praza de Abastos Municipal de Cangas, insta ao Concello a que non se autorice o solicitado no punto 1º destes antecedentes, para “evitar acoso no traballo e conflitos máis graves entre as titulares”.

4.3 – Por escrito de rexistro de entrada nº 7173 de 19.06.2017, M. P. A., adxudicataria do posto de peixe nº 32 na Praza de Abastos Municipal de Cangas, indica non estar de acordo co que solicitan as interesadas nos puntos 1º e 2º destes antecedentes e solicita o cambio do posto nº 32 ó posto nº 33.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente regula o traslado de postos no artigo 29. En concreto este artigo establece que: “o Concello, poderá trasladar de posto a calquera concesionario sempre e cando esta decisión se xustifique na necesidade de realizar obras de conservación ou mellora do recinto, ou calquera outra circunstancia de carácter análogo que redunde en beneficio para a xeneralidade dos usuarios”.

Vista a próxima licitación de postos de peixe baleiros no Mercado Municipal e de cara a reorganizar a funcionalidade dos postos e mellorar a imaxe comercial do Mercado de Abastos, sobre todo na nave central do edificio, de maior exposición e visibilidade.

Por outra banda, consultados os concesionarios/as do Mercado Municipal de Abastos e revisadas as alegacións presentadas por rexistro municipal.

SEGUNDA.- Do que antecede e segundo a documentación que se achega, resulta que estamos ante un suposto de traslado de postos permitido no Regulamento no seu artigo 29, en concreto



Concello de Cangas

no caso de: "circunstancia de carácter análogo que redunde en beneficio para a xeneralidade dos usuarios".

TERCEIRA.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para adxudicar os postos do mercado, polo que de acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas cabe outorgar as autorizacións solicitadas por M. B.G, R. R. G, A. M. G. M. e desestimar as alegacións presentadas por M. P. B. e M. R. P.A., por unha exposición de motivos insuficientemente xustificada e argumentada. "

De conformidade co exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Estimar as solicitudes de M. B. G., R. R. G., A. M. G.M. e autorizar a reorganización e traslado de postos no Mercado Municipal de Abastos de Cangas, segundo a seguinte orde e deixando constancia no expediente dos postos e advertindo que o traslado non supón ningún cambio no réxime da concesión máis alá do traslado de posto.

POSTO 24: posto baleiro, de titularidade municipal.

POSTO 26: A. M. G. M..

POSTO 27-28: R. R. G.

POSTO 29: M. B. G.

SEGUNDO.- Desestimar as alegacións presentadas por M. P. B. e M. R. P. A., por unha exposición de motivos insuficientemente xustificada e argumentada.

TERCEIRO.- Outorgar un prazo de dez días ás interesadas para que efectúen o traslado autorizado, debendo comunicar este ao Concello cando o faga efectivo, co fin de que polos servizos técnicos municipais se comprobén as condicións dos postos que deixan, advertíndolle que de existir algunha deficiencia deberá facerse cargo destas.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ás interesadas, á Concellería de desenvolvemento económico e emprego local, conserxe da praza, así como á Tesourería municipal.

Expediente 1188/2017. C-17/05. Contratación de orquestras Festas do Cristo-2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Expediente nº: C-17/05__1188/2017

Contrato: Servizo de contratación de orquestras para as Festas do Cristo 2017

Asunto: proposta de adxudicación definitiva

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do servizo de contratación de orquestras para as Festas do Cristo 2017.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil "GALICIA ESPECTÁCULO DE NEGREIRA SL" con, por resultar esta a oferta economicamente máis vantaxosa das achegadas.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Visto que esta empresa chegou en tempo e forma (recibo entrada nº 2017-E-RC-7206 do día 19.06.2017) a documentación relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, acreditación da solvencia financeira e técnica e que así mesmo constituíu garantía definitiva por importe de mil douscentos trinta e nove euros con sesenta e sete céntimos (1.239,67 €) mediante transferencia bancaria.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar á empresa "GALICIA ESPECTÁCULO DE NEGREIRA SL", domicilio social no Polígono Industrial de Covas nº 14-planta 1-porta esquerda, de Negreira (CP 15830) o contrato de servizo de contratación das orquestras para as Festas do Cristo 2017 por importe total de trinta mil euros (30.000,00 €) co IVE incluído.

Segundo.- A duración deste contrato esténdese desde a formalización deste ata o remate das Festas 2017, previsiblemente o día 02.09.2017.

Terceiro.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 338.22699 do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Notificar a "GALICIA ESPECTÁCULO DE NEGREIRA SL", a adxudicación do contrato e citar á súa representante para a sinatura deste.

Quinto.- Nomear responsable do contrato ao empregado municipal E. G. G., a quen lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto.- Notificar a adxudicación do contrato aos licitadores que non resultaron adxudicatarios nos termos previstos no artigo 151.4 do TRLCSP.

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP.

Oitavo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como ao responsable do contrato.

Expediente 3877/2017. Convenio integración bibliotecas Catálogo colectivo da Rede de bibliotecas públicas de Galicia

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Proposta de Héitor Mera Herbello, Concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística para dar conta á Xunta de Goberno do convenio de colaboración coa Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a integración das bibliotecas públicas municipais no catálogo colectivo da Rede de bibliotecas públicas de Galicia.

"D. Xosé Manuel Pazos Varela Alcalde-Presidente, en representación do Concello de Cangas,

DECLARA:



Concello de Cangas

que segundo o disposto no artigo 21.1.b da Lei 7/1985, reguladora das bases de Réxime local, en virtude do Decreto da Alcaldía Nº 2017-0499, de 13 de xuño de 2017,

SOLICITA:

a adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para a integración das bibliotecas públicas municipais no catálogo colectivo da Rede de bibliotecas públicas de Galicia e en consecuencia,

MANIFESTA:

a vontade do Concello de Cangas de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as súas obrigas e compromisos e con suxeición plena a todas elas.

O Concello de Cangas comprométese a:

- a) Colaborar no proceso de migración de datos de rexistros e de lectores da biblioteca ao novo programa de xestión bibliotecaria e no resto dos procesos técnicos que requira a súa posta en marcha.
- b) Cumprir as normas técnicas de funcionamento da Rede de bibliotecas públicas de Galicia para, entre outros, a:
 - Alta de exemplares.
 - Catalogación se procede.
 - Política de préstamo.
 - Rexistro de lectores.
- c) Manter un único rexistro de usuario por lector para toda a Rede de bibliotecas públicas de Galicia e utilizar o carné de lector da rede segundo o formato de tarxeta de lector da Rede de bibliotecas públicas de Galicia.
- d) Comunicar as incidencias a través das canles establecidas pola Xunta de Galicia.
- e) Colaborar coa Xunta de Galicia na formación e perfeccionamento dos encargados dos servizos bibliotecarios municipais, outorgándolles permiso para asistir ás accións formativas que se organicen, relacionados co novo programa de xestión bibliotecaria.
- f) Contar co equipamento informático necesario para a implantación e mantemento do novo programa de xestión bibliotecaria.
- g) Asumir, con cargo aos seus propios orzamentos, as accións que se deriven do cumprimento do presente convenio."

Expediente 3644/2017.Aprobación bases subvencións deporte federado 2017 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta do concelleiro de Ensino e Deporte de 29 de xuño de 2017.

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Visto que se considera conveniente efectuar a convocatoria e concesión de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado para o ano 2017.

Visto que con data 26 de xuño de 2017, efectuouse a pertinente retención do crédito dispoñible polo departamento de Intervención.

Examinada a documentación que a acompaña, vistas as bases elaboradas e de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, previa declaración de urxencia, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións en materia de fomento do deporte federado para o ano 2017, por procedemento de concorrència competitiva e as bases reguladoras que figuran anexas á presente proposta.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe de cen mil euros (100.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 340.48 do orzamento do Concello de Cangas para o exercicio orzamentario 2017.

TERCEIRO.- Remitir á BDNS a documentación necesaria para que se proceda á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Expediente 4387/2017. Proposta de solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado para o ano 2017 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentim
ento

Vista a publicación da Orde do 22 de maio de 2017 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a institucións sen fin de lucro, entidades locais galegas e agrupacións de concellos, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado e se convocan para o ano 2017.

Visto o proxecto redactado polos servizos técnicos municipais para o desenvolvemento do “IV FESTIVAL ATURUXOS DA RÍA”, cun orzamento total de cinco mil euros (5.000,00 €).

A Xunta de Goberno Local, previa declaración de urxencia, acorda:

Primeiro.- Solicitar unha axuda polo importe de tres mil cincocentos euros (3.500,00 €) para o desenvolvemento do “IV FESTIVAL ATURUXOS AO SON DA RÍA”, ao abeiro da orde citada e que supón o 70% do orzamento total, na modalidade de música.

Concello de Cangas



Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde-presidente, D. Xosé Manuel Pazos Varela, que é alcalde por acordo plenario de data do 13.06.2015, para que asine a solicitude de subvención e demais documentos que sexan precisos na tramitación do expediente.

Terceiro.- Declarar que non se solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada para o proxecto que se solicita.

Expediente 2233/2017.- X-16/18 (Proposta S/Sentenza 120/2017)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Expediente nº: X-16/18__2233/2017

Procedemento: Abreviado 366/2016

Xulgado: Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra

Asunto: proposta de acordo relativa á Sentenza nº 120/2017

Vista a Sentenza nº 120/2017 ditada o día 19.06.2017 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, no procedemento arriba indicado, que na súa parte dispositiva dispón o seguinte:

“Que debo ESTIMAR e ESTIMO a demanda formulada polo letrado Sr. Costas Coya, en representación de M. P. C., contra a resolución desestimatoria por silencio administrativo do Concello de Cangas de Morrazo, da reclamación formulada polo recorrente en data 20.09.2016, de aboamento de diferenza do complemento específico, que anulo, por non estimala conforme a dereito, reconecendo o dereito do recorrente ao seu aboamento desde que o deixou de percibir nas súas nóminas, con imposición das custas procesais á Administración demandada.”

Visto o informe do letrado do Concello don J. R. V. C., cuxo tenor literal é o seguinte:

“Entendo que procede recorrer en apelación a sentenza xa que, con independencia de que sexa nula a forma en que se lle retirou o complemento, pois non se dictou resolución ningunha ao respecto, o certo é que a sentenza lle reconece o dereito ao complemento específico de cabo (oficial) da policía local, cando non ten a dita condición e no poderíamos ditar una resolución eliminando dito complemento, pois se producirían os efectos de cousa xulgada”.

De acordo coas facultades que me confire, en materia de accións administrativas, xudiciais e defensa dos procedementos incoados contra o Concello, o artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local, conforme á redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, polo presente á Xunta de Goberno Local propono a adopción do seguinte ACORDO:



Concello de Cangas

Primeiro.- Interpoñer recurso de apelación contra a Sentenza nº 120/2017, ditada o día 19.06.2017 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no Procedemento Abreviado nº 366/2016, incoado por M. P. C. contra o Concello de Cangas.

Segundo.- Que o Concello se presente no citado procedemento nomeando para o efecto ao avogado J. R. V. C. e ao procurador E. P. C. (nº único de procurador P15030000264).

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850